

VOCABULARIO

5 Arrodea a palabra que se axusta a cada definición.

■ Parar de chover.

escampar	diluviar	ventar
----------	----------	--------

■ Pequena porción de auga xeada que cae cando neva.

fungalla	gota	folerpa
----------	------	---------

■ Auga conxelada que cae en forma de gran.

borrasca	vapor	sarabia
----------	-------	---------

■ Humidade do aire que, co frío da noite, se condensa e se deposita en pingas pequenas.

néboa	resío	chuvia
-------	-------	--------

■ Tempestade violenta, con ventos moi fortes e arremuiñados, que causa grandes desastres.

tronco	brisa	tornado
--------	-------	---------

6 Completa cada oración cun substantivo feminino derivado do verbo proposto.

sarabiar

A _____ foi tan forte que abolou o coche de meu pai.

xear

A _____ desta noite queimoume as plantas do balcón.

tronar

A vila quedou sen electricidade a causa da _____.

nevar

Aquela _____ tan intensa impediu que fósemos á escola.

mollar

Chovía moito e non tiña paraugas. Que _____ pillei!

7 Escribe a palabra primitiva a partir da cal se formou cada unha destas palabras derivadas.

■ chuvioso ► chuvia

■ clarear ► claro

■ nubrado ► nube

■ escurecer ► escuro

■ neboento ► neboa

■ relampar ► relambo

■ caloroso ► calor

■ airear ► aire

■ ventoso ► vento

■ apedrar ► pedra